


A portrait of Antoni Castells, a middle-aged man with glasses and a beard, wearing a dark suit, a blue shirt, and a red and blue striped tie. He is smiling slightly and looking towards the camera. The background is a warm, orange-toned wall with a vertical gold-colored decorative element on the left.

Autonomía, suficiencia e solidaridad

**Conversa con Antoni Castells,
Conseller de Economia
da Generalitat de Catalunya**



Antoni Castells (Barcelona, 1950) é desde 2003 Conseller de Economía e Finanzas da Generalitat de Catalunya, e preside a parte catalá da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais. Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais e catedrático de Facenda Pública da Universidade de Barcelona, foi director do Instituto de Economía de Barcelona. Foi tamén o membro español do Tribunal de Contas Europeo desde 1994 ata 2000. Deputado no Parlament de Catalunya polo Partit dels Socialistes de Catalunya, exerce como Secretario de Política Económica da súa Comisión Executiva.

Realizou numerosos estudos e dirixiu varias obras sobre facenda autonómica e local, economía do estado do benestar e economía rexional. Entre outras, poden salientarse: Estado autonómico y finanzas públicas: competencias y financiación del sector público en países con diferentes niveles de gobierno: una perspectiva económica (1984, con Josep Maria Bricall e Ferran Sicart); El futuro del Estado del bienestar (1998, codirixido por Núria Bosch); Desequilibrios territoriales en España y Europa (1999, coeditado con Núria Bosch) e Las subvenciones de nivelación en la financiación de las comunidades autónomas: análisis de la situación actual y propuestas de reforma (2005, codirixido con Pilar Sorribas e Maite Vilalta).

ALBERTO MEIXIDE

FOTOGRAFÍAS PEPE ENCINAS

Na actualidade, o modelo de financiamento das autonomías presenta unha serie de problemas entre os que podemos destacar un mal funcionamento dos mecanismos de nivelación, unha desigual distribución horizontal do financiamento por habitante, unha gran falta de corresponsabilidade fiscal... entre outros. ¿Cales son, na súa opinión, os máis relevantes e que xustificaría a necesidade de reformar o sistema?

Coido que se tivese que subliñar os principais problemas do sistema de financiamento, salientaría basicamente tres. Un primeiro problema é a insuficiencia do conxunto de recursos das comunidades autónomas dentro do sector público. Aquí temos un problema grave e é que as necesidades de gasto das comunidades autónomas aumentan a unha maior velocidade do que aumentan as necesidades de gasto do goberno central, pola propia natureza das funcións que teñen que asumir; e, en troques, os recursos destas evolucionan a un ritmo máis reducido, incluso máis reducido ca os do goberno central. As comunidades autónomas teñen unhas necesidades de gasto que aumentan de présa e así e todo non dispoñen dun sistema de control dos recursos, que seguen estando, na súa meirande parte, en mans do goberno central. Velaquí un problema moi serio, trátase dun problema de desequilibrio vertical.

Logo temos un segundo problema, que, en parte, está vencellado a este, e é que as comunidades autónomas aínda

non teñen abonda capacidade de decisión sobre os seus propios ingresos, xa que en boa parte eses ingresos dependen de decisións que están en mans do goberno central. É certo que fomos mellorando, loxicamente, porque as revisións que se lle foron aplicando ao sistema serviron para melloralo, mais estamos aínda moi lonxe de atopar unha solución satisfactoria. Se houberse unha correspondencia máis equilibrada entre as necesidades de gasto e a capacidade de decisión sobre os ingresos, daquela o primeiro problema non existiría porque querería dicir que serían as comunidades as que terían o control deses ingresos.

O terceiro problema é o mal deseño dos mecanismos de nivelación, mal deseño que leva a problemas de desequilibrio horizontal, isto é, a que comunidades cuxas necesidades poden ser máis ou menos semellantes teñan ingresos que seica si non son semellantes. Por parte, as decisións sobre os mecanismos de nivelación tómanse nun momento determinado e logo non se actualizan, o que comporta que, por caso, se unha comunidade aumenta moitísimo a poboación e outra non, o ritmo do incremento de ingresos non evoluciona acompasadamente entre as dúas. Isto evidencia aínda a existencia dun problema maior, o feito de que as comunidades autónomas que realizan un maior esforzo á hora de pagar impostos, ven como isto practicamente non repercute no seu propio beneficio.

Todo isto supón un atranco moi importante no tocante aos mecanismos de nivelación. Estes mecanismos deben servir para reducir distancias entre as comunidades con maior capacidade fiscal e as de menor capacidade fiscal, pero non para inverter a situación, que é o que ocorre no noso país e que non ocorre en ningún outro. En todos os países adoita acontecer que aquelas comunidades que teñen maior capacidade fiscal, parte deses impostos que pagan por riba da media serven para a solidariedade pero outra parte redonda en máis ingresos para a propia comunidade, e isto é lóxico que sexa así. En España non ocorre así, en España, a potencia do mecanismo de nivelación é tan esaxerada que acaba conducindo a que as autonomías con maior capacidade fiscal, en moitos casos, queden cuns ingresos inferiores aos da media, e iso xera tamén un conxunto de efectos moi negativos en todos os sentidos.

Estes son, daquela, os tres problemas fundamentais que eu destacaría, aínda que é doado de ver que cada un destes tres problemas comporta outra serie de problemas resultantes dos mesmos.

¿Que opina da fórmula utilizada para aproximar os custos de provisión dos principais servizos públicos? ¿Non lle parece manifestamente mellorable?

Este é un problema en calquera sistema. Un sistema de nivelación o que trata de facer é o seguinte: as comunidades autónomas obteñen os ingresos dos impostos que pagan os seus cidadáns e logo teñen uns ingresos que proceden das transferencias procedentes do goberno central ou ben das transferencias doutras comunidades se o sistema de nivelación é horizontal. Hai que preguntarse cal é o obxectivo final do sistema de nivelación. O obxectivo debe ser

Hai que preguntarse cal é o obxectivo final do sistema de nivelación. O obxectivo debe ser que as comunidades autónomas poidan prestar niveis semellantes de servizos con independencia da súa capacidade fiscal



que as comunidades autónomas poidan prestar niveis semellantes de servizos con independencia da súa capacidade fiscal.

A cuestión é como se pode determinar este nivel de servizos: velaí o problema. Daquela, se se quere levar a cabo unha forma tecnicamente moi afinada, o nivel de servizos depende, basicamente, de dous factores. Por unha banda, dos usuarios dos servizos: unha comunidade que ten máis usuarios potenciais en educación precisará máis orzamento ca outra que ten menos; unha comunidade que teña moitos nenos en idade de escolarización precisará máis recursos ca outra que teña poucos. Entón, depende dos usuarios, mais depende tamén doutro factor que é o custo de prestación do servizo: prestar unha hora de ensinanza a un neno non ten o mesmo custo en

todas partes. Daquela, ese sistema de nivelación depende dunha serie de factores: do prezo dos *inputs* —de canto custa unha hora de profesor, de canto custa un metro cadrado de escola...— pero depende tamén de factores que interveñen de forma estrutural en función da produción, da dispersión xeográfica, de se se dan unhas ou outras condicións, etc.

Xa que logo, para podermos calcular axeitadamente o nivel de provisión de servizos necesario, habería que poder avaliar esas dúas variables. O que ocorre é que cando tratamos de precisar ata este extremo, o acordo é máis difícil, porque para cada un destes indicadores ou destes factores de custo que quixermos introducir, sempre haberá factores de custo alternativos; é dicir, unha comunidade dirá que un factor de custo é a dispersión

xeográfica e outra dirá que o factor de custo é a superficie, outra dirá que un factor de custo é a altitude, etc. Por iso resulta moi difícil acadar consensos, e por isto ás veces, feitos todos os números, chégase á conclusión de que o mellor factor e o máis sinxelo é a poboación. Esta pode ser un bo indicador de nivel de prestación de servizos, logo, se se ten moi claro que en determinados servizos hai outros indicadores que deben corrixir este indicador básico, utilicémoslos. Por caso: o avellentamento da sociedade para a sanidade, a inmigración e a poboación en idade de escolarización para a educación...

No caso galego, a dispersión da poboación é relevante...

Claro, o factor da dispersión é importante en Galicia, pero seguramente en Andalucía ou

Quen ten a responsabilidade e debe levar a iniciativa nas cuestións que teñen carácter global ou xeral é o goberno central. Non se pode pretender que as decisións se tomen a través de mecanismos de asambleísmo, porque isto non foi nunca así

en Estremadura sosterán o contrario e proporán o factor da superficie e non o da dispersión. Por tanto, eu sería partidario de utilizar un indicador básico como o da poboación e corrixílo, pero só no caso en que se teña relativamente claro cales deben ser os elementos de corrección a aplicar. Cando falamos da poboación como un bo criterio, estamos referíndonos a un indicador de necesidades e non a un criterio único para a distribución do conxunto dos recursos. Esta debe responder a unha fórmula que teña en conta non só as necesidades de gasto, mais tamén a capacidade fiscal, como xa comentei antes.

¿Quen considera que debe determinar a contía do fondo de suficiencia?
O fondo de suficiencia é, a día de hoxe, un instrumento de ni-

velación implícito, porque non está definido como tal. Isto conduce a certos equívocos. O instrumento de nivelación, na medida en que afecta ao conxunto das comunidades autónomas, debe ser decidido por aqueles que teñan competencias sobre o conxunto e, en consecuencia, por unha normativa de carácter global ou xeral, que corresponde ao Estado. Isto resulta evidente: todo o que afecte aos mecanismos de nivelación debe ser competencia do Estado.

Neste tema existe ás veces unha certa confusión, porque agora resulta que algúns son uns entusiastas de impulsar os mecanismos multilaterais: é o caso do financiamento do Consello de Política Fiscal e Financeira. Isto é unha novidade, ata de agora sempre o fixo o goberno central —outra cousa

é que o goberno central, cando impulsa reformas de carácter xeral, queira acadar un consenso e este consenso plásmase no tal Consello. Pero quen ten a responsabilidade e debe levar a iniciativa nas cuestións que teñen carácter global ou xeral é o goberno central. Non se pode pretender que as decisións se tomen a través de mecanismos de asambleísmo, porque isto non foi nunca así. Esta proposta constitúe en realidade unha fuxida cara adiante.

É o goberno central o que ten a responsabilidade de tomar estas decisións, como sempre fixo, sabendo que iso ten uns custos, porque ás veces non se pode poñer de acordo a todo o mundo.

Ás veces existe unha certa confusión entre a política de desenvolvemento rexional e a igualación en oferta de servizos públicos. ¿Non considera que é importante delimitar claramente entre os instrumentos de solidariedade que teñen como obxectivo a redución dos desequilibrios territoriais a nivel de renda e os instrumentos de igualación que tratan de garantir o equilibrio entre os territorios?

Por suposto, concordo completamente con ese enfoque da cuestión. Hai que separar estas dúas realidades. Unha cousa é a política de desenvolvemento rexional, que ten un obxectivo moi claro, que é que aquelas rexións que teñen un PIB *per capita* por debaixo da media poidan medrar máis ca as outras ou poidan chegar a alcanzar a media. Para iso existen uns instrumentos moi precisos, que son basicamente os fondos europeos e o fondo de compensación interterritorial: é lóxico que estas axudas vaian destinadas ás comunidades que teñan o seu PIB *per capita* por debaixo da media. Esta é unha cuestión.





Outra cuestión é o financiamento económico entendido como os recursos que se achegan ás comunidades autónomas para que poidan financiar os seus servizos. Aquí o mecanismo de nivelación debe responder a esa formulación que facía antes de que todas as comunidades poidan prestar niveis de servizos similares con independencia da súa capacidade fiscal. Sabendo que finalmente a nivelación debe levar a acurtar distancias, pero non a invertelas, e que ese é un proceso lóxico que ocorre en todos os países. É dicir, que parte dos impostos que as comunidades cunha meirande capacidade fiscal pagan por riba da media revirtan en máis ingresos para os seus gobernos autonómicos.

Unha fronte potencial de conflitos nas negociacións sobre o financiamento autonómico está relacionada coas reclamacións que se están levando a cabo en relación cos investimentos apelando a débedas históricas, déficits estruturais, utilizando argumentos e indicadores diversos. ¿Como debería abordarse este problema? É complexo, e esta complexidade radica en que estamos ante un xogo de intereses e resulta moi difícil pedir a ninguén cando negocia nun contexto coma este que acepte unha proposta, por razoable que esta sexa, por racional que lle pareza, se pensa que esa proposta non o vai beneficiar. É moi difícil.

Isto que digo é unha obviedade pero fai que as cousas sexan moi complicadas. Cando se

negocia entre varias comunidades autónomas do Estado, ningunha delas vai aceptar a racionalidade dunha solución que non lle supoña máis ingresos para ela. Endebén, eu coido que neste caso a lóxica é moi clara. Todo isto vén a propósito da disposición adicional terceira que se acorda no Estatut de Autonomía de Cataluña. Eu coido que é un erro querer dar agora carácter xeral a algo que só é aplicable por razóns excepcionais ao caso concreto de Cataluña. A disposición adicional terceira do Estatut responde a unha situación excepcional que afectou a Cataluña e non a outras comunidades, e require, xa que logo, unha solución excepcional, é dicir, temporal e non xeralizable. Eu comprendo que é difícil que dezasete co-

comunidades autónomas constaten unha realidade que favorece a Cataluña, eu entendoo, porque ás veces algunhas autonomías semellan máis atentas ao que consegue Cataluña que a aquilo que lles convén a elas.

¿Por que é unha circunstancia excepcional? Ao longo de quince anos o investimento en infraestruturas que realizou o Estado en Cataluña atinxi apenas o 10 por cento do total do investimento, sendo así que a poboación en Cataluña é o 16 por cento do total da poboación

de España e o PIB *per capita* é o 18,8 por cento do total do Estado. Este enorme desaxuste acababa afectando seriamente a competitividade da nosa economía, e é a partir desta constatación cando se procura esa solución excepcional.

Insisto, a solución a este déficit histórico de Cataluña na inversión en infraestruturas non é xeralizable. Simplemente, non é posible que todas as comunidades teñan recibido investimentos por baixo do que lles correspondería por poboación

ou por PIB. Endebén, a solución semella difícil se o único que move a determinadas comunidades é a emulación, a envexa, preferir que o outro non teña a ter elas. Este tipo de actitudes foron explotadas politicamente con bastante irresponsabilidade.

Ninguén entendería que unha comunidade cun PIB *per capita* por riba da media recibise tamén fondos provenientes da política de desenvolvemento rexional, porque a lóxica di que deben de ir destinados ás comunidades cun menos desenvolvemento. Apliquemos, daquela, esta mesma lóxica á disposición adicional terceira do Estatut, pensada unicamente para solventar o déficit que Cataluña acumulou en investimentos en infraestruturas.

Por outra banda, as próximas negociacións sobre o financiamento autonómico van coincidir cun amplo paquete de compromisos por parte do goberno asociado ao desenvolvemento de leis e programas de gran calado, como a Lei de Dependencia, que poden afectar as contas públicas dunha maneira importante, ¿pode isto influír dalgún xeito no proceso de negociación? Máis concretamente, ¿como pode afectar o desenvolvemento da Lei de Dependencia nas contas das comunidades autónomas?

Está afectando, e moi seriamente. Isto forma parte do primeiro diagnóstico que me pediu vostede. Aquí temos un problema moi serio e é que na dinámica do Estado das Autonomías, as comunidades autónomas son as responsables daquelas funcións de gasto que máis medran, por exemplo a Lei de Dependencia, a Sanidade e a Educación —por poñer as tres que máis custan. Neste contexto, existen dous factores que introducen unha gran distorsión. Primeiro, que o goberno central toma decisións



Calquera negociación que comporte unha redistribución do poder político é complicada, e o Estado das Autonomías, se cremos nel de verdade, comporta unha redistribución do poder político. Madrid non acaba de crer isto, segue sendo sobre todo un gran centro de poder e resístese a perdelo

sobre estas políticas sen fornecer os recursos apropiados para podelas financiar. Por exemplo, no caso da Lei de Dependencia o goberno central aproba a lei, pero parte do gasto que comporta a súa aplicación —eu diría que a parte máis importante— corresponde ás autonomías.

Por outra banda, a evolución dos distintos impostos, fonte principal de ingresos para as administracións, deu como resultado que o Estado dispoña dunha mellor situación financeira que as comunidades, que teñen maiores estreitezas. Nesta situación de superávit, o goberno central pode permitirse baixar impostos, con efectos indirectos sobre os ingresos das comunidades. Existe, polo tanto, unha gran disfuncionalidade, moito máis evidente en leis como a de dependencia. Isto reforza aínda máis os motivos, ao meu ver, para reformar o sistema de financiamento.

Nunha conferencia recente no marco do Foro Nova Economía recoñeceu que o desenvolvemento do Estatut, aínda que a sentenza do Tribunal Constitucional non o recorte, ía ser complicado. ¿Por que e que temas van ser máis conflictivos no seu desenvolvemento?

Eu referíame sobre todo a aspectos de financiamento en xeral. Evidentemente, a sentenza do Tribunal Constitucional é dunha gran transcendencia. Estaríamos fronte a un proble-

ma moi serio se o Tribunal desnaturalizase, dun xeito significativo, o pacto que representa o Estatut. Un pacto entre Cataluña e o Estado que, quero lembrar, é froito de renuncias mutuas. Unha sentenza deste tipo colocaría o Estatut fóra da Constitución, e iso sería extremadamente grave.

Dito isto, calquera negociación que comporte unha redistribución do poder político é complicada, e o Estado das Autonomías, se cremos nel de verdade, comporta unha redistribución do poder político. Madrid non acaba de crer isto, segue sendo sobre todo un gran centro de poder e resístese a perdelo. Cando o perde, daquela invoca a palabra sagrada de “Nación” e converte a cuestión da súa perda de poder —que non é un problema mais unha lóxica imparabile que acordamos entre todos— nun problema de dimensión nacional: “A nación en perigo”. Envurúllanse na bandeira da “Nación” para defender o seu poder. Isto é o que está ocorrendo, e por tanto o tema é moi complexo.

Ás veces, esta resistencia á redistribución do poder político por parte do poder central non fai máis que aumentar as reaccións nacionalistas nalgunhas comunidades nas que existe un profundo sentimento nacional. Certo é que estas reaccións existen, mais a orixe debemos procurala no nacionalismo español que se resiste a outro tipo de distribución do poder político.

Fronte a iso debemos de armar-nos de paciencia, mais tamén de argumentos, facer valer as nosas bazas e sabelas xogar adecuadamente.

Cambiando un pouco de tema, entre reformar ou suprimir o imposto de sucesións, vostede defende claramente a primeira alternativa. ¿Por que? ¿Que efectos non desexados podería ter esta vía de competencia fiscal sobre os territorios?

Efectivamente, a cuestión é reforma ou supresión. Nós optamos pola reforma. Unha reforma a fondo, claro está, porque é verdade que o actual imposto acaba derivando nun conxunto de efectos que non son os desexados, e provoca situacións de inxustiza sobre todo en herdanzas de contías que hoxe en día non poden ser consideradas esaxeradas e en graos de consanguinidade altos nos que os herdeiros teñen que pagar unhas cantidades moi apreciables. Isto con certeza é excesivo, así que ten que se dar unha reforma a fondo, pero non a eliminación, porque o imposto xoga un papel social útil, pois facilita unha certa redistribución da renda e xoga un papel importante no fomento dunha sociedade que valora a responsabilidade individual, a cultura do esforzo e dos méritos persoais.

¿Por que un debe comezar a carreira da vida con vantaxes con respecto a outros? ¿Só polo feito do azar de nacer nun sitio e non noutro? Pois que unha parte disto contribúa a dar oportunidades a todo o mundo parece razoable. E por outra banda, non só en termos de xustiza, mais tamén en termos de mérito, en termos de crer nunha sociedade que pague a pena, na que un ten o que consegue. Eu preguntolles aos empresarios se pretenden —eles que defenden o mérito— que aos seus fillos lles dean todo feito sen faceren eles nada, ou se, pola contra,

Coido que nos debemos encamiñar cara a un modelo de inspiración claramente federal, debemos dar ese paso xa, sen vacilacións, abandonar o que son aínda adherencias unitarias fortísimas

prefiren que os seus fillos saiban que se teñen que amañar por si sós, e aprendan que conseguir as cousas esixe un esforzo.

Eu penso que o mantemento do imposto ten toda a lóxica, e a proba é que en todos os países en que nos podemos inspirar existe o imposto de sucesións, agás nun caso como o de Italia, que foi eliminado por Berlusconi. Sempre poño o exemplo dos EUA, onde cando Bush tratou de eliminalos, as propias persoas adiñeiradas, como Bill Gates, Warren Buffet... pedíronlle que non o eliminase, e logo crearon fundacións deixando toda a súa herdanza (por caso, Warren Buffet doou unha parte importantísima da súa herdanza á fundación de Bill Gates). De modo e maneira que o imposto de sucesións ten toda a lóxica, e cando aquí en Cataluña algúns partidos como Convergència i Unió defenden practicamente a eliminación deste imposto, eu dígolles moi claramente que nós nos inspiramos nos países europeos e eles inspíranse nas autonomías do PP.

Dito isto, é evidente que unha competencia fiscal á baixa, como a que se está xerando en España, ten efectos moi nocivos sobre a existencia do imposto. Trátase dunha competencia fiscal daniña, para a cal por algunha razón se cunhou esa denominación: *Harmful Tax Competition*. Se queremos eliminar o imposto, fagamos o debate que haxa que facer e, se chegamos a esta conclusión, fagámolo, pero que sexa conscientemente, como froito dunha decisión adulta, deliberada, voluntaria. Ora, se

resulta que é unha consecuencia non desexada dunha competencia fiscal daniña acabamos chegando á eliminación do imposto sen quero, como un efecto non desexado, entón eu argumentaría que os gobernos están para evitar os efectos non desexados das condutas sociais, xa que logo vexamos o que teremos que facer para evitar eses resultados non desexados.

¿Se non se dá un proceso de converxencia entre o réxime foral e o réxime común, non estará a próxima reforma sometida a tensións nun prazo breve de tempo?

De certo, este é un factor de tensión, porque o feito é que a aplicación dun sistema dá uns resultados moi superiores aos do outro sistema. Agora mesmo, por cada euro que xestionan as comunidades de réxime común, as comunidades forais dispoñen de 1,7. É comprensible, pois, que alguén caía na tentación de pedir o sistema que dea máis, non porque sexa moito mellor como sistema senón simplemente porque dá máis diñeiro. Por tanto, é lóxico que a bandeira da reivindicación do concerto en comunidades como Cataluña estea permanentemente erguida. O que debemos facer é equiparar resultados, cadaquén co seu propio modelo, mais eliminando estas diferenzas tan acusadas que, ademais, non teñen ningunha xustificación.

Nun Estado en que xa se está alcanzando un nivel de descentralización elevado, como é o caso do Estado español, ¿non

debera apurarse máis a transformación do Senado nunha Cámara Territorial?

Debera ser así. Eu coido que o modelo federal alemán é un bo modelo, porque permite que as comunidades autónomas (alí, os estados federados) adquiren responsabilidades a nivel de Estado. A visión que ten o goberno central da distribución territorial do poder político adoita ser abondo nesgada, un pouco *pro domo sua*, e que é bo que exista unha cámara onde as autonomías, cando se fala de leis que afectan á distribución territorial do poder político poidan expoñer o seu punto de vista, e todo isto con carácter determinante. Eu entendo que é un bo modelo e deberíamos dar pasos nesta dirección, sen dúbida.

¿Cara a que modelo de financiamento nos encamiñamos? ¿Cal é a súa intuición ao respecto?

Coido que nos debemos encamiñar cara a un modelo de inspiración claramente federal, debemos dar ese paso xa, sen vacilacións, abandonar o que son aínda adherencias unitarias fortísimas. Hai algúns que pensan que o único poder político que debe existir é o do goberno central, e non é así. Forxamos entre todos un Estado das Autonomías onde o poder político debe partillarse. Xa que logo, penso que debemos ir cara a un modelo de inspiración claramente federal que pivote sobre a base de dous grandes eixes: por unha banda, uns ingresos tributarios que sexan a maior parte dos ingresos das comunidades autónomas, sobre os cales estas teñan unha real capacidade de decisión (que teñan realmente o control dos seus ingresos) e, por outra banda, uns mecanismos de nivelación potentes.

Eu estou a favor dos mecanismos de nivelación e da solidariedade, que non existen en todos os países (nos EUA, por caso, non os teñen), e noutros

son moi febles —como é o caso de Suíza. Coido que estes mecanismos de nivelación deben ser potentes e ter capacidade real para nivelar, pero que non acaben prexudicando as comunidades con meirande capacidade fiscal. En definitiva, un modelo inspirado nos vixentes en Alemaña e en Canadá, unha mestura destes dous modelos inequivocamente federais. A isto opóñense os que queren un modelo de independencia fiscal, como se a relación entre Cataluña e España ou entre Galicia ou calquera outra comunidade

fose a existente entre estados independentes. Ese non é o meu modelo.

Pero ao modelo federal tamén se opoñen os que defenden o mantemento do vello modelo unitario e por tanto non aceptan a realidade dun poder político partillado, os que pensan que o único poder político que debe existir é o do goberno central e, en consecuencia, negan a posibilidade de que as comunidades teñamos realmente capacidade de decisión no referente ao sistema tributario. Os que ven un perigo para a unidade de España no feito de que se poida

falar de axencias tributarias, por caso. Dos que distorsionan (aínda que esta expresión me parece abondo frouxa para referirme a esta realidade) ata a caricatura e manipulan calquera proposta que supoña a existencia de mecanismos de nivelación que non prexudiquen aos que pagan máis impostos.

Insisto, para a miña idea, o modelo máis acaído é, sen dúbida, o modelo federal ■

